

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A) XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1. O CENTRO

O IES Terra de Trasancos é un centro de ensino público dependente da Consellería de Cultura e Educación sito no Concello de Narón.

O alumnado adscrito ao centro é procedente do CEIP A Gándara de Narón. Para estudar Bacharelato tamén se incorpora alumnado procedente de Valdoviño.

O alumnado do Ciclo Medio e Ciclo Superior procede de diversos lugares pero principalmente da zona de Ferrolterra.

O centro imparte ESO (dúas liñas por curso, agás en 1º ESO que este curso son 3), Bacharelato na modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais, CM de Xestión Administrativa, CS de Administración e Finanzas e 2 grupos de Formación Profesional Básica, un de Instalacións electrotécnicas e outro de Servizos Administrativos. A media anual de alumnado ronda os 350 alumnos/as.

O número de profesores é de 46.

A nosa realidade escolar, caracterizada pola substitución da tradicional homoxeneidade de alumnado por outra máis actual onde prima non só a diversidade de intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe, senón tamén a existencia de alumnado con NEAE e inmigrante, indúcenos a deseñar un Plan de Atención á Diversidade (PAD), coa finalidade de artellar respostas a esa nova realidade do alumnado que ocupa as aulas do noso centro.

Trátase, en esencia, dun tipo de alumnado para o que son insuficientes os recursos ordinarios e para o que a organización e funcionamento tradicionais resultan insuficientes.

2. CONCEPTO DE PAD

O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento no que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio. No seu deseño seguírase o decreto 229/2011 na súa sección 3. No marco deste decreto, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en

ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

O noso PAD é un conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares para dar resposta educativa ás necesidades do alumnado. En definitiva, un modo de definir a forma de actuar con respecto á diversidade, mediante:

- Planificación de estruturas, actividades e intervencións
- Atención a: minorías étnicas, alumnado de fóra da Comunidade Autónoma, situacións culturais desfavorecidas, problemas de aprendizaxe e discapacidades (físicas, psíquicas e sensoriais)

A principal misión que se pretende realizar coa elaboración do PAD é a de poder responder á dificultade de atender a alumnos con necesidades educativas moi diversas dentro do mesmo centro e, en moitos casos, dentro da mesma aula, sen desatender aos mellor preparados.

B) IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

1. PUNTO DE PARTIDA

Partimos do contexto do noso propio centro, coa experiencia acumulada de saber que cada ano se repiten case as mesmas situacións nas nosas aulas; a saber:

- Alumnos con distinto nivel de competencia curricular
- Alumnos en distintos momentos de desenvolvemento persoal e psicolóxico
- Alumnos con distintas motivacións e intereses
- Alumnos con distintos estilos de aprendizaxe
- Alumnos con distintos ambientes e contextos socioculturais de procedencia

2. CONCRECIÓNS, CONTEXTUALIZACIÓN E LIMITACIÓNS

Somos conscientes da situación de diversidade, pero tamén de que os nosos esforzos deben priorizarse, sen deixar de intentar dar resposta a esa variedade. Por eso, a nosa atención centrarase en dous grupos de alumnado:

- Alumnado que necesita determinado tipo de apoio e atención específica por padecer discapacidade

- Alumnado que, polas súas deficiencias de aprendizaxe e traxectoria académica irregular, necesita : apoios, reforzos, adaptacións, diversificación...

3. NECESIDADES DETECTADAS

- a) Deficiencias lectoescriptoras
- b) Alumnado que non dispón no seu contorno familiar da axuda necesaria para realizar tarefas e estudar
- c) Reforzo das materias instrumentais
- d) Mellorar e incentivar, desde os departamentos, a recuperación de materias pendentes
- e) Déficits de cálculo numérico
- f) Alumnado con NEE
- g) Alumnado con NEAE
- h) Condutas contrarias ás normas de convivencia.

4. PRIORIZACIÓN NA ADICACIÓN E ESTABLECEMENTO DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a) Respecto da tipoloxía do alumnado:

- Alumnado con NEE que conte con diagnose
- Alumnado NEAE con desfase curricular de 2 ou máis anos
- Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe
- Alumnado con déficits en materias instrumentais
- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo galego
- Alumnado en situación de desvantaxe socioeducativa
- Alumnado con problemas de conduta

b) Respecto das medidas tomadas:

- Alumnado con Adaptación Curricular
- Alumnado que recibiu reforzo educativo en cursos anteriores
- Alumnado exento da 2ª lingua estranxeira-Francés

c) Respecto das áreas:

- LINGUAS (GALEGA E CASTELÁ)
- MATEMÁTICAS

- CIENCIAS SOCIAIS/ CIENCIAS NATURAIS

- RESTO DAS MATERIAS

d) Respecto do tipo de agrupamentos:

- Grupo-clase
- Pequeno grupo
- Individual

C) DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Unha formulación realista de obxectivos leva implícitos tan só os tres seguintes:

a) Facilitar ao alumnado con necesidades educativas unha resposta axeitada e de calidade ás necesidades detectadas en cada alumno, en función das posibilidades organizativas e existencia de recursos.

b) Planificar propostas educativas diversificadas adaptadas ás necesidades de cada alumno e/ou grupo de alumnos con dificultades semellantes.

c) Establecer canles de comunicación e colaboración a tres niveis:

- i. Centro-familias.
- ii. Centro-colexios de procedencia
- iii. Centro-outros servizos externos.
- iv. Profesorado que intervén nas medidas aplicadas.

d) Establecer criterios comúns e planificar actuacións relativas a:

- i. Organización de recursos materiais, humanos e temporais do centro
- ii. Programación de actividades
- iii. Elaboración de materiais
- iv. Adecuación de metodoloxías
- v. Seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe

e) Organizar os recursos do centro para ofrecer a resposta máis adecuada a cada necesidade, dentro das posibilidades organizativas

f) Definir modelos de intervención

g) Implicar a todo o profesorado no desenvolvemento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e ás familias, na colaboración das medidas aplicadas

D) DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. TIPOS DE MEDIDAS DE RESPOSTA EDUCATIVA

TIPO	ESPECIFICACIÓNS	RESPONSABLES
<p>XERAIS OU ORDINARIAS</p> <p>No marco deste decreto, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS 	<p>Profesorado Departamentos</p>
	<ul style="list-style-type: none"> PLAN ACOLLIDA ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO <p><i>Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26 de febreiro de 2004)</i></p>	<p>Orientadora Titores/as Xefatura Estudos</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ADECUACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. 	<p>Dirección Profesorado CCP</p>
	<ul style="list-style-type: none"> METODOLOXÍAS baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión. 	<p>Profesorado</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ADAPTACIÓN dos tempos e instrumentos ou procedementos de AVALIACIÓN. 	<p>Profesorado</p>
	<ul style="list-style-type: none"> OPTATIVIDADE <p>*En 3º considerárase a posibilidade de ofrecer optativas en función de intereses (estudos posteriores) e dificultades.</p> <p>*En 4º curso arbitraranse as medidas necesarias para ofrecer ITINERARIOS EDUCATIVOS acordes coa situación académica dos alumnos e cos intereses manifestados de continuidade dos estudos.</p> <p>*En 1º e 2º de bacharelato: modalidades, itinerarios, saídas académicas e laborais.</p>	<p>DO Titores/as C.C.P. Equipo directivo</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL <p>*Aplicarase en todos os cursos, con especial fincapé en 4º de ESO, 1º BACHARELATO, 2º BACHARELATO, PCPI e 2º CICLOS.</p>	<p>DO Titores/as Equipo directivo</p>
	<ul style="list-style-type: none"> AULA DE CONVIVENCIA <p><i>Circular 8/2009 que regula medidas de atención á diversidade</i></p>	<p>Profesorado de garda Xefatura de estudos DO Titores/as</p>
	<ul style="list-style-type: none"> MEDIDAS COMPLEMENTARIAS: <ol style="list-style-type: none"> Programas específicos personalizados Programas de recuperación <p>*Aplicarase en 2º e 4º ESO</p> <p>*A responsabilidade da elaboración de materiais e concreción da posta en marcha corresponderá aos respectivos departamentos e estará coordinado polo equipo directivo ou persoa designada</p> <p><i>Circular 8/2009 que regula medidas de atención á diversidade</i></p>	<p>Profesorado Departamentos</p>
	<ul style="list-style-type: none"> TUTORÍA E ORIENTACIÓN 	<p>Titores/as Profesorado Xefatura estudos DO</p>

	<ul style="list-style-type: none"> REFORZOS DE LINGUAS OU MATEMÁTICAS, en substitución de 2LE *1º e 2º cursos : Ofreceráse aos alumnos con dificultades en materias instrumentais (matemáticas e linguas) a posibilidade de substituír a 2LE por un reforzo educativo. *A impartición destes reforzos educativos corresponderá preferentemente a profesores dos respectivos departamentos. <p><i>Orde do 6 de setembro de 2007, Art.5,f) pola que se desenvolve implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia)</i></p> <p><i>Resolución do 27 de xullo de 2015 pola que se ditan instrucións no curso 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, capítulo II, artigo 3, punto 4</i></p>	Profesorado de Linguas e Matemáticas
<p>EXTRAORDINARIAS</p> <p>No marco deste decreto, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ADAPTACIÓNS CURRICULARES E REFORZOS EDUCATIVOS *Corresponderá a profesorado ordinario a impartición de REFORZO. *Adoptarase esta medida naqueles casos que o requirán, ben como resultado de continuación de etapas ou cursos anteriores, ben como resultado de detección e proposta por parte do propio centro. <p><i>Orde 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.</i></p>	Profesorado ordinario DO Profesorado especialista
	<ul style="list-style-type: none"> APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA *A impartición deste tipo de axuda corresponderá preferentemente a persoal do DO (PT e AL), no caso de APOIO *Precisarase colaboración entre o profesor responsable da impartición e o profesor responsable da área <p><i>Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario</i></p>	Profesorado especialista
	<ul style="list-style-type: none"> ATENCIÓN A ALUMNADO CON DIFICULTADES PARA ASISTENCIA CONTINUADA (hospitalización, etc.) <p><i>Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais</i></p>	Prescrición da Administración (solicitude)
	<ul style="list-style-type: none"> PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR *Medida extraordinaria que se aplicará en exclusiva en 4º de ESO. <p><i>Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na Educación Secundaria Obrigatoria (DOG do 21 de agosto de 2007)</i></p>	
<ul style="list-style-type: none"> PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO ACADÉMICO *Medida extraordinaria que se aplicará en 3º ESO <p><i>Resolución do 27 de xullo de 2015 pola que se ditan instrucións no curso 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, capítulo II, artigo 6</i></p> <p><i>DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o</i></p>		

	currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia	
	<ul style="list-style-type: none"> • FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA <p><i>ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.</i></p> <p><i>DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.</i></p>	

2. CARACTERÍSTICAS E PROCEDEMENTOS DALGUNHAS MEDIDAS FRECUENTES

PROGRAMAS DE REFORZO EN 1º - 2º ESO. EXENTOS DE FRANCÉS	
DEFINICIÓN E PROCEDIMENTO	<p>Os REFORZOS establécense como medida alternativa á 2LE, para aqueles alumnos de 1º curso ESO cuxas especiais características así o aconsellan:</p> <p>O alumnado do primeiro curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas,</p> <p>Os REFORZOS establécense como medida alternativa á 2LE, para aqueles alumnos de 2º curso ESO cuxas especiais características así o aconsellan:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnos de 2º curso, repetidores ou non, que xa estiveron exentos en cursos anteriores • Alumnos de 2º curso que, tras a avaliación inicial, se considere necesario ofrecer este apoio, por responder ás características do programa. <p>O profesor/a titor/a do curso anterior deberá elaborar un informe no que se propoña a exención da segunda lingua estranxeira (Francés). En casos excepcionais, este informe pode ser elaborado polo DO ou polo titor/a do curso actual.</p>
IMPARTICIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Cada grupo de reforzo que se configure será responsabilidade dun docente por materia reforzada • O profesorado que imparta estes programas de REFORZO deberá abordalos desde unha perspectiva instrumental que apoie a aprendizaxe da materia na que se aplica
COORDINACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado que imparta REFORZO deberá coordinarse co profesorado da aula ordinaria e co profesorado especialista
PROGRAMACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • A programación didáctica dos REFORZOS corresponderá aos departamentos afectados. • O referente das orientacións curriculares será o desenvolvemento das competencias básicas
ASIGNACIÓN A DEPARTAMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> • A impartición destes programas será decidida polo equipo directivo, en función da dispoñibilidade de recursos humanos do centro. Como criterio prioritario, establécese asignación aos departamentos de LINGUAS (LCL e LGL) e MATEMÁTICAS. • En caso de non dispoñibilidade horaria, entrarán na asignación outros departamentos dos ámbitos científico-técnico e lingüístico-social que poidan asumir esta medida
COÑECEMENTO E CONSENTIMENTO FAMILIAR	<ul style="list-style-type: none"> • O centro informará á familia da medida de atención á diversidade que foi seleccionada para o alumno e explicará as características e consecuencias derivadas da mesma. • A familia comunicará por escrito o seu consentimento e autorización para a aplicación

REFORZO E APOIO EDUCATIVO

DEFINICIÓN	Consiste en axudas a alumnos que presentan algunha dificultade puntual no proceso de aprendizaxe dalgunha área/materia para alcanzar os obxectivos previstos, ou ben para alumnos cos que é posible e aconsellable realizar actividades de profundización co fin de acadar os obxectivos mínimos.
CARACTERÍSTICAS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Este apoio é útil para solucionar desfases curriculares non severos, pero sí determinantes para o progreso nalgunha área/materia • Se o reforzo non pode ser realizado dentro da aula, derivarase a súa atención cara ao profesorado especialista. O departamento de orientación decidirá se o alumnado é ou non susceptible de ser atendido polo profesorado especialista en base ás súas características, necesidades e posibilidades organizativas • O profesor da materia indicará os aspectos a reforzar e coordinarase co profesorado especialista • Débese reflectir a medida nas avaliacións e calificacións
ADSCRICIÓN DE ALUMNADO, COORDINACIÓN DO PROFESORADO E SEGUIMIENTO	<ul style="list-style-type: none"> • O profesorado da materia, tras a avaliación inicial, formulará unha proposta de alumnado para a aplicación da medida. Constarán tanto os alumnos/as que van ser reforzados só polo profesor de aula e aqueles para os que se considera necesario contar co apoio da mestra especialista. Esta proposta entregarase á xefa do Departamento de Orientación • En reunión o DO, PT e XE determinará a distribución horaria dos apoios e se se realizarán dentro ou fóra da aula • Antes de cada avaliación, o profesorado especialista reunirse co profesor da materia para valorar a evolución do alumno. • O profesor especialista elaborará un informe final sobre os resultados da aplicación da medida, que trasladará ao profesor da materia (para que inclúa na memoria final de departamento as modificacións oportunas) e á xefa do Departamento de Orientación
ÁREAS, CURRÍCULUM E ADAPTACIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> • Aínda que se pode realizar este tipo de medida en calquera área, darémoslles prioridade ás materias instrumentais • Sempre se trata como referente o currículo ordinario do curso, con pequenas adaptacións
RELACIÓN COAS FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> • O centro dará coñecemento á familia da medida que se pretende aplicar co alumno e solicitará, por escrito, a súa opinión ao respecto • Os titores/as daránlle información á familia sobre os progresos do alumno coa medida

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

DEFINICIÓN	<p>Son medidas extraordinarias de resposta educativa consistentes en adecuar e axustar o currículo e as programacións ás características do alumnado.</p> <p>Propoñeranse, con carácter xeral, despois de que o equipo docente aplicase medidas ordinarias, que non mostraron eficacia.</p>
CARACTERÍSTICAS XERAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Medida extraordinaria que está dirixida a alumnado con ANEAE cuxo referente curricular está situado por debaixo do curso no que está integrado • Os axustes afectan a elementos básicos do currículo, implicando a adecuación ou posible supresión temporal ou definitiva de obxectivos, contidos, ou criterios de avaliación • A selección de contidos e obxectivos realizarase en función do nivel de competencia do alumno. • O tipo de alumnado ao que vai dirixida esta medida é aquel que non pode seguir o currículo ordinario, ven por presentar necesidades educativas especiais ou acumular un grave retraso escolar • O referente para a avaliación é a Adaptación Curricular. A cualificación irá acompañada das siglas AC • Cando o alumno remate a súa escolaridade no centro, emitirse un informe no que conste cal é o nivel real conseguido relativo á Adaptación Curricular. Se é posible realizarase unha dilixencia nos documentos oficiais
PROCEDEMENTO	<p>Para proceder á decisión de AC daranse os seguintes pasos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Detección da necesidade (por parte do titor ou profesor): pode ubicarse antes da avaliación inicial (se hai documentación pertinente) ou durante a avaliación inicial. Realizarase a proposta no modelo pertinente • Reunión do equipo educativo co DO e ED, para a aportación de documentación e coñecer o número de materias nas que se debe realizar, así como a existencia de apoios anteriores • Realización de informe psicopedagóxico • Información e solicitude de autorización familiar • Elaboración da adaptación en cada materia e adopción de decisións con respecto ao desenvolvemento • O director do centro tramitará solicitude de autorización ao servizo territorial de inspección educativa
DESENVOLVEMENTO	<ul style="list-style-type: none"> • A atención do alumnado levarase a cabo tanto dentro como fóra da aula ordinaria. O Departamento de Orientación proporá o horario de atención fóra da aula baseándose nas características do alumno e nos recursos dispoñibles • A participación do profesorado especialista será colaborar no axuste da programación, facilitar recursos, apoiar no desenvolvemento da mesma • O profesorado da materia será quen realice a adaptación (planificación e elaboración), en colaboración co DO e profesorado especialista • O profesor da materia elaborará un informe de seguimento final que pasará a formar parte do Documento da Adaptación Curricular e permitirá tomar decisións para o próximo curso

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR	
DEFINICIÓN FINALIDADE	E <ul style="list-style-type: none"> Medida extraordinaria de atención á diversidade que posibilita a organización dos contidos, actividades e materias dun modo diferente e cunha metodoloxía específica que lle permite ao alumnado adquirir as competencias básicas e os obxectivos xerais da etapa e, polo tanto, obter o título de graduado en ESO.
DESTINATARIOS	<ul style="list-style-type: none"> Poderán incorporarse ao programa os alumnos nos que concorran as seguintes circunstancias: <ul style="list-style-type: none"> a) Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas que resultaron insuficientes e atoparse nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario b) Existir expectativas razoables de que coa incorporación poida obter o título
CONDICIÓN DE ACCESO	DE <ul style="list-style-type: none"> a) Ter cursado 4º ESO, non ser proposto para o título e ter repetido xa 1 vez na etapa b) Ver máis abaixo cadro de incorporación segundo a procedencia.
DURACIÓN DOS PROGRAMAS	DOS <ul style="list-style-type: none"> PDC 2 ANOS (con carácter xeral) No curso 2015/2016 só existirá 4º ESO, xa que o PDC desaparece coa implantación da LOMCE
AGRUPAMENTOS	<ul style="list-style-type: none"> Haberá un grupo de referencia Non superarán o número de 10 e non serán, con carácter xeral, menos de 5
ESTRUTURA DISTRIBUCIÓN HORARIA SEMANAL	E <p style="text-align: center;"><u>4º Curso</u></p> <p style="text-align: center;">Ámbito lingüístico-social: 8. Ámbito científico-técnico: 8. Lingua estranxeira: 3. Música: 3. Tecnoloxías: 3. Materia optativa: 3. Educación física: 2. Relixión: 1. Titoría: 1.</p>
PROGRAMACIÓN	A programación dos ámbitos e das materias propias do programa de diversificación curricular será elaborada nos distintos departamentos didácticos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos ou materias do programa coa colaboración do departamento de Orientación, a partir das directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas polo xefe ou xefa de estudos.
PROCEDEMENTO PARA INCORPORACIÓN	A <ol style="list-style-type: none"> Proposta razoada do equipo educativo, asinada polo titor, que se enviará ao departamento de orientación, e na que se fará constar: <ul style="list-style-type: none"> Competencia curricular en cada materia Dificultades de aprendizaxe presentadas Medidas de atención á diversidade aplicadas Motivos polos que se considera conveniente a súa incorporación ao PDC Informe do departamento de orientación coas conclusións da avaliación psicopedagóxica, así como da reunión cos pais ou titores legais onde se transmitiu a conveniencia de incorporar o alumno ao PDC (da súa opinión deixarase constancia por escrito) Resolución da comisión de valoración (constituída por XE, DO e titor/a) sobre a decisión de conveniencia ou non de incorporar alumnado ao PDC Envío da proposta ao Servizo Provincial de Inspección para a súa autorización, antes do 5 de setembro
SEGUIMIENTO AVALIACIÓN	E <p>A persoa titora elaborará ao final de cada curso, unha memoria que inclúa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - valoración do progreso do alumnado - valoración do funcionamento do programa e propostas de mellora, se é o caso. <p>O alumnado será avaliado en cada un dos ámbitos e materias segundo os criterios que consten nas programacións</p>

PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E O RENDEMENTO

DEFINICIÓN FINALIDADE	E	Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento forman parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade e teñen por finalidade facilitar que os alumnos e as alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcance as competencias do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
DESTINATARIOS		Alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe
CONDICIÓN DE ACCESO	DE	<p>Poderá incorporarse aos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento, en terceiro curso de educación secundaria obrigatoria no curso 2015/16, o alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e que se atope nalgunha das seguintes situacións:</p> <p>a) Ter cursado segundo curso de educación secundaria obrigatoria, ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.</p> <p>b) Con carácter excepcional, para o alumnado que ten cursado terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e non está en condicións de ter promoción ao cuarto curso.</p>
DURACIÓN PROGRAMAS	DOS	No 2015/2016 só un ano
AGRUPAMENTOS		<ul style="list-style-type: none"> • Haberá un grupo de referencia • Non superarán o número de 10 e non serán, con carácter xeral, menos de 5
ESTRUTURA DISTRIBUCIÓN HORARIA SEMANAL	E	<p style="text-align: center;">3º ESO</p> <p style="text-align: center;">Ámbito lingüístico e social: nove horas. Ámbito científico e matemático: oito horas. Ámbito de linguas estranxeiras: tres horas.</p> <p style="text-align: center;">Resto das materias: igual que o grupo ordinario</p>
PROGRAMACIÓN		A concreción do currículo dos ámbitos, así como as correspondentes programacións didácticas, serán elaboradas nos distintos departamentos didácticos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos, coa colaboración da persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación, a partir das directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica e coordinadas polo/a xefe/a de estudos.
PROCEDEMENTO PARA INCORPORACIÓN	A	<p>a) Realizada a avaliación extraordinaria, Proposta razoada do equipo educativo, asinada polo titor, que se enviará ao departamento de orientación, e na que se fará constar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Competencia curricular en cada materia • Dificultades de aprendizaxe presentadas • Medidas de atención á diversidade aplicadas • Motivos polos que se considera conveniente a súa incorporación <p>b) Informe do departamento de orientación coas conclusións da avaliación psicopedagóxica, así como da reunión cos pais ou titores legais onde se transmitiu a conveniencia de incorporar o alumno ao programa (da súa opinión deixarase constancia por escrito)</p> <p>c) Posteriormente, unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.</p> <p>d) Compete ao director ou á directora do centro docente elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.</p> <p>e) O servizo provincial da Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros escolares antes do comezo do curso.</p>

FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

DEFINICIÓN	Ademais dos fins e os obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos profesionais básicos, segundo o artigo 40.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, contribuirán a que o alumnado adquiera ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.
DESTINATARIOS	<p>a) Ter quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, e non superar os dezasete anos no momento do acceso nin durante o ano natural en curso.</p> <p>b) Ter cursado o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.</p> <p>c) Ser propostos/as polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.</p>
PROCESO DE INCORPORACIÓN	<p>a) O equipo docente dos grupos da educación secundaria obrigatoria con alumnado que poida ser proposto para realizar ciclos formativos de formación profesional básica, xunto co xefe ou a xefa do Departamento de Orientación, realizarán unha reunión onde se analice a situación escolar do alumnado en risco de non alcanzar o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. Nesta reunión establecerase unha relación de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de formación profesional básica, que será asinada por todo o equipo docente e o xefe ou a xefa do departamento de orientación. Con carácter xeral, esta reunión coincidirá coa sesión de avaliación final ordinaria do mes de xuño ou, de ser o caso, coa sesión de avaliación das probas extraordinarias do mes de setembro.</p> <p>b) O titor ou a titora elaborarán para cada alumno ou alumna o consello orientador coa axuda do xefe ou a xefa do departamento de orientación, no cal se fará constar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias que xustifican a proposta • As dificultades de aprendizaxe presentadas. • As medidas de atención á diversidade aplicadas, de ser o caso. • Os motivos razoados polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna se integren nun ciclo formativo de formación profesional básica. <p>O consello orientador emitirase por duplicado e irá asinado polo titor ou a titora do alumno ou da alumna, en nome do equipo docente, o xefe ou a xefa do departamento de orientación e a persoa encargada da dirección do centro educativo.</p> <p>c) A dirección do centro comunicaralles ao pai, á nai ou aos/as titores/as legais do alumno ou da alumna que este/a foi proposto/a para un ciclo formativo de formación profesional básica, e entregará un exemplar do consello orientador e o documento no cal, de ser o caso, darán o consentimento para incorporar o alumno ou a alumna a estas ensinanzas</p> <p>e) No caso de que o pai, a nai ou os/as titores/as legais do alumno ou da alumna dean o consentimento para o/a incorporar a estas ensinanzas, a dirección do centro educativo entregaralles por duplicado o documento de comunicación de incorporación á formación profesional básica . Un dos exemplares deberá ser entregado no centro onde o alumno ou a alumna soliciten a súa admisión.</p> <p>f) Un exemplar do consello orientador e, de ser o caso, do documento de consentimento incluíranse no expediente académico.</p>
DURACIÓN	2 anos
AGRUPAMENTOS	Número mínimo de alumnos/as: 8 Número máximo de alumnos/as: 20
ESTRUTURA	ELECTRICIDADE

1º CURSO		
COMUNICACIÓN E SOCIEDADE		7 hrs./sem.
CIENCIAS APLICADAS		6 hrs./sem.
TITORÍA		1 hrs./sem.
MÓDULOS PROFESIONAIS	✓ <i>Instalacións eléctricas e domóticas</i>	18 hrs./sem.
	✓ <i>Equipamentos eléctricos e electrónicos</i>	
2º CURSO		
COMUNICACIÓN E SOCIEDADE		6 hrs./sem.
CIENCIAS APLICADAS		7 hrs./sem.
TITORÍA		1 hrs./sem.
MÓDULOS PROFESIONAIS	✓ <i>Instalacións de telecomunicacións</i>	18 hrs./sem.
	✓ <i>Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos</i>	
FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO	Ao longo do 3º trimestre, sempre e cando o alumno teña todos os módulos superados	
ADMINISTRATIVO		
1º CURSO		
COMUNICACIÓN E SOCIEDADE		7 hrs./sem.
CIENCIAS APLICADAS		6 hrs./sem.
TITORÍA		1 hrs./sem.
MÓDULOS PROFESIONAIS	✓ <i>Arquivamento e comunicación.</i>	18 hrs./sem.
	✓ <i>Técnicas administrativas básicas.</i>	
	✓ <i>Tratamento informático de datos.</i>	
2º CURSO		
COMUNICACIÓN E SOCIEDADE		6 hrs./sem.
CIENCIAS APLICADAS		7 hrs./sem.
TITORÍA		1 hrs./sem.

	MÓDULOS PROFESIONAIS	✓ <i>Preparación de pedidos e venda de produtos.</i> ✓ <i>Atención á clientela.</i> ✓ <i>Aplicacións básicas de ofimática.</i>	18 hrs./sem.
	FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO	Ao longo do 3º trimestre, sempre e cando o alumno teña todos os módulos superados	

PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO		
DEFINICIÓN DESTINATARIOS	E	<p>O alumnado repetidor da ESO seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no Informe de Avaliación Final e considerando a información obtida no proceso de avaliación inicial</p> <p>O alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou descoñecemento da calquera das linguas oficiais, deberá seguir un programa específico personalizado ata que o progreso da súa competencia curricular así o aconselle</p>
ELABORACIÓN		Elaborado polo departamento correspondente
DURACIÓN		Deberá incluír actividades de aprendizaxe para realizar semanalmente
SEGUIMIENTO		O profesorado que imparta a materia ao alumno/a terá que realizar o seguemento
INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS		As familias serán informadas periodicamente por parte do titor/a da evolución do alumno/a

4. OUTRAS MEDIDAS E ACTUACIÓNS

AULA DE CONVIVENCIA	
DEFINICIÓN, CRITERIOS E FUNCIONAMENTO	Ver Anexo

AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	
DEFINICIÓN	<p>A avaliación psicopedagóxica é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.</p> <p>Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun informe psicopedagóxico no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.</p>
RESPONSABLE	Responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación, contando coa colaboración do profesorado e familia
PROCESO DE DEMANDA	<p>Os servizos de Orientación deberán deseñar e elaborar os correspondentes protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os membros da comunidade educativa (profesorado, familias, alumnado) poden solicitar que se leve a cabo unha avaliación psicopedagóxica, cubrindo o modelo de solicitude. - A xefatura do DO realizará unha recollida inicial de información e decidirá xustificadamente, se procede ou non seguir co proceso de avaliación psicopedagóxica. - No caso de existir varias solicitudes de avaliación psicopedagóxicas, a xefatura do DO decidirá xustificadamente a orde de prioridade das mesmas
